

## MEDIDAS ACTUACIÓN ANTI-COVID-19

### 1. ACCESO Á INSTALACIÓN

O **acceso** a instalación realizarase pola **porta de entrada principal** sita na rúa Ernesto Che Guevara, os atletas accederán directamente a cámara de chamadas mentres que os adestradores circularán hasta a zona de competición.

A saída da instalación así mesmo realizarase pola porta que está a altura da meta a man dereita.

Na entrada principal encontrarase una persoa que levará o control de acceso a instalación de persoas autorizadas así coma os atletas.

É obligatorio para todos/as os/as atletas entregar no Control de Acceso a **Declaración Responsable**, sen a cal non se autorizará a participación. A Declaración Responsable está dispoñible na web da Federación Galega de Atletismo: [atletismo.gal](http://atletismo.gal)

Os adestradores circularán pola acera de cemento ata a zona de competición. Os adestradores de concursos dispondrán de una zona con sillas. Os adestradores de carreiras podrán acceder a grada onde debe sentarse nas zonas marcadas que estarán separadas con un mínimo de 1.5m. Esta circulación debe realizarse mantendo tamén a distancia interpersoal de 1.5m

Non se permite o acceso de público.

Autorizarase o acceso á instalación, únicamente, os/as atletas participantes, xuíces, persoal de organización. E adestradores / delegados autorizados.

Permitirase o acceso a fotógrafos e redactores de medios de comunicación debidamente acreditados.

### 2. USO OBRIGATORIO DE MÁSCARA E MEDIDAS HIXIÉNICAS

É obligatorio a utilización da máscara hixiénica ou cirúrxica de forma correcta, tapando nariz e boca, a excepción dos atletas que estean competindo, segundo o estipulado no Protocolo da FGA.

Haberá máscaras e xel hidro-alcohólico no acceso á instalación, na grada, na Cámara de Chamadas, na Meta, e nas zonas que requiran os xuíces para o seu cometido.

Haberá produto hixienizante para os tacos de saída das carreiras.

### 3. VESTIARIOS

Non haberá vestiarios nin duchas dispoñibles.

### 4. CÁMARA DE CHAMADAS

A súa ubicación será na entrada a instalación a donde accederán os atletas directamente para competir.

Os/as atletas recollerán o seu dorsal na Cámara de Chamadas.

### 5. ZONA DE QUECEMENTO

O quecemento deberá realizarse fora da instalación, sempre mantendo a distancia interpersoal de 1.5m e evitando aglomeracións na entrada da instalación. Preferiblemente no parking da zona de patinaxe.

## **6. CARREIRAS E CONCURSOS**

Nas carreiras, as máscaras hixiénicas coas que se entre na zona de competición serán destruídas e entregaráse unha nova chegado o/a atleta a meta.

No caso de abandono sen concluír a proba, o/a atleta en cuestión deberá achegarse á zona de meta para que lle sexa entregada unha nova máscara.

Nos concursos os atletas manterán a máscara posta en todo momento salvo pa efectuar o salto ou o lanzamento. Para comunicarse con adestrador debe poner en primeiro lugar a máscara.

Os atletas disponen de sillas situadas a 1.5m de distancia onde deberán permanecer mentras agardan o seu turno.

## **7. COORDINADOR DE PROTOCOLO FISICOVID-DXT GALEGO**

A organización estará a disposición do Coordinador FISICOVID-DXT GALEGO nomeado pola FGA para que en todo momento se sigan as medidas sanitarias adecuadas.

As indicacións do Coordinador FISICOVID-DXT GALEGO son de obrigado cumprimento para todas as persoas presentes na instalación.

### **8. PERSONAL FISICOVID**

- - 2 persoas en control acceso
- - 2 persoas en desinfección de tacos de saída
- - 1 persoa en entrega de máscaras en meta
- - 1 persoa en control da grada, zonas de concursos e acceso.
- -4 Voluntarios levando pertenencias dos atletas.

## **9. NORMATIVA**

A competición desenvolverase segundo o Protocolo FISICOVID – DXT GALEGO da Federación Galega de Atletismo e aprobado pola Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia.

O incumprimento destas normas poñerase en coñecemento da autoridade ou organismo competente por se pode ser constitutivo dun delito, situación disciplinaria ou sanción.

## DISPOSICIÓN DA PISTA DE ATLETISMO: ESPAZOS IMPORTANTES E MOVIMENTO DAS PERSOAS



- Os atletas accederán a cámara de chamadas.
- Os adestradores circularán dende a entrada ata a zona de concurso ou grada sempre polo perímetro de cemento ou polo césped no caso da altura e dende ahí ata a saída.
- As pertenencias dos atletas serán levadas por voluntarios de cámara de chamadas a zona de saída, onde poderán cambiarse pa saír da instalación.